



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Presidencia



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

En virtude do establecido no Art. 15 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, e dando cumprimento ao acordo adoptado pola asemblea xeral extraordinaria da Federación Galega de Caza, en reunión celebrada o 22-6-2018, procedo a convocar o proceso electoral para a elección dos membros da asemblea xeral, presidente, e comisión delegada, e **DISPOÑO**:

1. Que, con data de hoxe, se proceda á publicación, tanto nos taboleiros de anuncios de tódalas sedes da FGC, como na web www.federaciongalegadecaza.com, do Calendario e Regulamento Electoral, aprobado por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte de data 3-8-2018, no que se establece, entroutras cuestións electorais, o número de membros da asemblea xeral por estamentos e circunscricións electorais, o procedemento e prazos para o exercicio do voto por correo, a forma de remisión da documentación á xunta electoral, e o modelo oficial de sobres e papeletas (**Anexo 1**).
2. Que, con esta mesma data, se proceda á publicación do censo electoral, dividido por estamentos de Deportistas, Xuíces e Árbitros, Xuventudes, e Sociedades, e por circunscricións electorais.
3. A sede da Xunta Electoral queda establecida nos locais da FGC, sita na porta 12 do Estadio Multiusos de San Lázaro, en Santiago de Compostela (CP 15707), fax 981-562779, Email federacion@federaciongalegadecaza.com
4. A composición da Xunta Electoral elixida pola Comisión Delegada en reunión celebrada o 27-6-18, en cumprimento do acordo da asemblea xeral extraordinaria da FGC do 22-6-18, foi publicada na páxina web www.federaciongalegadecaza.com con data 28-6-18, sen recibirse ningunha recusación contra a mesma, quedando conformada do xeito seguinte:

TITULARES:

D. VICENTE SILVA MEILÁN
D. AGUSTIN PÉREZ-BATALLÓN ORDÓÑEZ
D. ANTONIO LÓPEZ IGLESIAS

SUPLENTE:

SUPLENTE 1: D. JUAN A. SÁNCHEZ MANCEBO
SUPLENTE 2: D. MANUEL GARCÍA POMBO
SUPLENTE 3: D. ELISARDO CEA CEBREIRO
SUPLENTE 4: D. CESÁREO PARDAL CASTRO
SUPLENTE 5: D. SANTIAGO LEIS VENTOSA

5. Con data de hoxe queda disolta a xunta directiva, asumindo as súas funcións unha comisión xestora elixida conforme ao previsto no Art. 3 do Decreto 16/18, pola Comisión Delegada en reunión do 27-6-18, e pola Xunta Directiva en reunión celebrada o 9-8-18.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018
O PRESIDENTE

Asdo.: Javier Nogueira Diz

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 - 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>



Federación Galega
de Caza

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

Presidencia



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Anexo 1 á Convocatoria de Eleccións

1. Distribución do número de persoas membros da asemblea xeral, por estamentos e circunscricións electorais:

Circunscrición Electoral	Estamento Deportistas (20%)		Estamento de Sociedades (65%)	Estamento de Xuíces e Árbitros (10%)	Estamento Outros Colectivos (Xuventudes) (5%)
	Deportistas	DGAN			
CORUÑA	7	1	19	5	2
LUGO	5		20	2	2
OURENSE	2		11	0	0
PONTEVEDRA	5		15	3	1
	19	1	65	10	5

2. Data e horario das votacións:

Votacións para a elección dos membros da asemblea xeral	03/11/2018
Votacións para a elección do Presidente e da C. Delegada	14/12/2018
<p>** As votacións para a elección de membros da asemblea xeral terán lugar nas sedes das respectivas federacións provinciais, e a do Presidente e C. Delegada na sede da FGC en Santiago, nos horarios que determine a Xunta Electoral e que se publicarán na páxina web da FGC e nos taboleiros de anuncios das Fed. Provinciais</p>	

3. Forma de remisión da documentación á Xunta Electoral:

A documentación achegarase á xunta electoral persoalmente, por burofax, ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a súa entrega. No caso da documentación que se presente por "ventanilla" no Rexistro de calquera das oficinas da FGC, cando a persoa que presente a documentación non sexa o propio interesado deberá aportarse a maiores un apoderamento asinado polo poderdante e polo apoderado (na sección do proceso electoral da páxina web da FGC pode descargarse un modelo de apoderamento).

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 - 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Presidencia



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

4. Procedemento e prazos para o exercicio do voto por correo:

Artigo 30 do Regulamento Electoral:

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea Xeral naqueles estamentos integrados por persoas físicas.
 2. En ningún caso as persoas electoras que solicitaran o exercicio do dereito a voto por correo poderá emitir o voto de forma presencial.
 3. As persoas electoras poderán emitir o seu voto por correo, de conformidade co seguinte procedemento:
 - a) A persoa electora solicitará por escrito o seu dereito ao voto por correo á xunta electoral interesando a súa inclusión no censo especial de voto por correo. Dita solicitude deberá realizarse (*) a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días despois da publicación do censo definitivo, cumprimentando o documento normalizado que se axustará ao anexo do presente regulamento electoral. Diariamente a xunta electoral remitirá electrónicamente á Secretaría Xeral para o Deporte un listado nominal coas solicitudes de voto por correo solicitadas o día anterior. Non poderán incluírse no censo de persoas con dereito a exercer o voto por correo aqueles electores que non figurasen nos listados nominais, incluído o listado do último día de prazo para solicitalo remitido á Secretaría Xeral para o Deporte.
 - b) A solicitude presentárase persoalmente, exhibindo o DNI, pasaporte ou autorización de residencia ante a secretaria da Federación Galega de Caza na sede federativa central en Santiago de Compostela e que deberá trasladala solicitude á xunta electoral.
- (*) A solicitude de inclusión no censo especial do voto por correo deberá realizarse entre o 27 de agosto ao 4 de outubro, mediante o modelo de solicitude que pode descargarse na sección do proceso electoral da páxina web da FGC.**
- c) No caso de enfermidade ou incapacidade que impida a presentación persoal da solicitude, deberá acreditarse tal extremo mediante certificado médico e poderá ser exercido ese dereito en nome da persoa electora mediante representación autorizada notarialmente e por documento que se estenderá individualmente en relación con cada persoa electora e sen que no mesmo poida incluírse a varias persoas electoras, non podendo unha persoa representar a mais dun elector. Nestes casos, a xunta electoral comprobará, en cada caso, a concorrencia das circunstancias ás que se refire este apartado.
 - d) Recibida a solicitude, a xunta electoral comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral.

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 - 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Presidencia



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

- e) O censo de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría Xeral para Deporte, e publicarse ademais na páxina web da federación e no taboleiro de anuncios da mesma.
- f) A xunta electoral enviará á persoa electora por correo certificado dous sobres electorais (sobre 1, de votación" e sobre 2) e as papeletas de todas as candidaturas, así como un certificado orixinal autorizando o voto por correo, ao domicilio indicado na súa solicitude ou no seu defecto ao que figure no censo.
- g) A presentación dos votos poderá realizarse en calquera das oficinas de correos con seis días hábiles de antelación á data da realización das eleccións presenciais.
- h) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre 1 da votación do estamento a que pertenza. Posteriormente, unha vez na oficina de Correos, exhibirá a súa identificación e o certificado. O funcionario de correos procederá de conformidade coas instrucións que figuran no sobre e selará o certificado. Unha vez feito isto, o sobre coa votación introdúcese dentro do sobre 2 que vai dirixido á mesa electoral, xunto coa certificación federativa selada e que autoriza o voto por correo e pecharase, sendo selado polo funcionario de correos e entregado nesa oficina.

Non serán admitidos os sobres depositados con data posterior (**), debendo indicar no enderezo que vai dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte que custodiará esta documentación ata o día da votación.

() O Fin de prazo para emisión do voto por correo é o 25 de outubro.**

- 4. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.
- 5. O sobre remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos que figuran no Anexo I de este Regulamento.
- 6. O elector que solicitara o voto por correo e este no listado do mesmo, non figurará no listado para realizar o voto presencial, non podendo realizar este, unicamente o de correo.

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>



Federación Galega
de Caza

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

Presidencia



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

5. Modelos oficiais de sobres e papeletas:

a) Sobre de votación:

Neste sobre é onde se deberá introducir a papeleta. Unha vez introducida a papeleta, a persoa que emite o voto deberá pechalo e cumprimentar os seguintes datos no anverso do sobre:

Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Caza

Estamento de: _____

Circunscrición Electoral de: _____

Mesa Electoral de voto por correo: _____

b) Sobre para a remisión do voto por correo:

Este sobre será o que se remita ao apartado de correos **2231** da Secretaría Xeral para o Deporte. Neste sobre introducirase o sobre de votación pechado e o certificado orixinal, emitido pola Xunta Electoral, autorizando o voto por correo. Este certificado, antes de introducido no sobre, deberá ser selado coa data polo empregado de correos.

Anverso do sobre:

Eleccións á Asemblea Xeral
da Federación Galega de Caza

Sobre de remisión do voto por correo certificado

Empregado/a de Correos:
Válida a identidade da persoa electora por medio do DNI, pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade.
Inclúese no presente sobre:
- Sobre de votación pechado
- Certificado orixinal autorizando o voto por correo, previa estampación do selo de datos.

Estampe o selo de datos no anverso deste sobre



FRANQUEO PAGADO
Nº Cliente: 81024374
Nº Contrato: 15000238

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
Apdo de Correos nº **2231**
15704 Santiago de Compostela, sucursal 2

Reverso do sobre:

REMITENTE:

Nome: _____ Apelidos: _____

Estamento _____

Circunscrición _____

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 - 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Presidencia



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

c) Papeleta de votación:

VOTACIÓN PARA A ELECCIÓNS DAS PERSOAS
REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN
GALEGA DE CAZA

CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL DE _____

ESTAMENTO DE _____

Dou o meu voto ás seguintes candidaturas (sinálese cun X
os candidatos que vota):

- 1. _____
- 2. _____
- 3. _____
- 4. _____
- 5. _____
- 6. _____
- 7. _____
- 8. _____
- 9. _____
- 10. _____
- 11. _____
- 12. _____
- 13. _____
- 14. _____
- 15. _____
- 16. _____
- 17. _____
- 18. _____
- 19. _____
- 20. _____

- Poderase marcar unha persoa máis das que corresponda elixir ao estamento e circunscrición electoral.

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 - 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>